



CONCELLO DE SANTIAGO
Grupo Municipal Popular



PAZO DE RAXOI
Praza do Obradoiro, s/nº
15705 SANTIAGO

Tlf.: 981542333
Fax: 981542308

PREGUNTAS AO PLENO DA CORPORACIÓN DO MES DE MARZO

SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO EN PROGRAMAS CON FINANZAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

O pasado día 19 de febreiro, o conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, animaba nunha xornada organizada pola Federación Galega de Municipios e Provincias, á participación dos concellos galegos en proxectos que se poidan beneficiar de financiamento da Unión Europea.

Resulta evidente que o obxectivo de acadar a converxencia real de Galicia coas rexións máis avanzadas de Europa no actual marco financeiro europeo (2007-2013), non se logrará sen a participación dos concellos nas convocatorias dos distintos programas europeos que perseguen a mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Dentro do ámbito da Cooperación Territorial Europea, a iniciativa comunitaria URBANA, dotada con 28 millóns de euros para proxectos galegos, o Programa Transnacional do Espazo Atlántico, con 32 millóns, e o Programa Transnacional Sudeste Europeo, constitúen os programas nos que pode participar o Concello de Santiago.

Tendo en conta o anterior,

¿En que programas con financiamento da Unión Europea vai a participar o Concello de Santiago?

¿Cáles son os proxectos concretos que se presentarán ás diferentes convocatorias?,

¿Cál é a porcentaxe de cofinanzamento europeo que se espera acadar en cada proxecto?

Santiago, 18 de marzo de 2008.

Jesús Gamallo Aller
Concelleiro

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA